

FORMA DE PAGAMENTO

En calquera oficina das seguintes entidades colaboradoras na recadación municipal, empregando o instrumento de cobro enviado ao domicilio fiscal dos contribuíntes para tal fin:

- BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, BANCO CAIXA GERAL, BANCO DE CAJA ESPAÑA DE INVERSIONES SALAMANCA Y SORIA SAU, BANCO ESPIRITO SANTO, BANCO ETCHEVERRIA, BANCO GALLEGO, BANCO PASTOR, BANCO POPULAR ESPAÑOL, BANCO SABADELL ATLANTICO, BANCO SANTANDER, BANKIA, BARCLAYS BANK, CAIXABANK SA “LA CAIXA”, CATALUNYA CAIXA, NOVAGALICIA BANCO.

ADVERTENCIA

Rematado o período voluntario de ingreso, os recibos non pagados esixíranse pola vía administrativa de prema, coas recargas e xuros correspondentes, consonte co establecido nos artigos 161 da Lei xeral tributaria e 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación. (R.D. 939/2005, de 29 de xullo).

DOMICILIACIÓN

Aconsellámoslle que, para a súa comodidade, domicilie o pagamento dos seus tributos de algunha dos seguintes xeitos:

- a) na súa entidade financeira, se é algunha da xa mencionadas, no momento de pagar o recibo, e cubrindo a orde de domiciliación que se achega co impreso de pagamento.
- b) ou, cubrindo o modelo 800 do Concello de Pontevedra, de domiciliación bancaria e presentándoo no rexistro xeral daquel.

Pontevedra, a 6 de setembro de 2013. — A titular do OTXT, M^a Mar Suárez Campo.

2013007931

* * *

MARÍN**A N U N C I O**

Non producíndose reclamacións á modificación da Ordenanza Municipal Reguladora da Protección e Tenencia de Animais e do Concello de Marín é considerándose aprobada definitivamente, publícase no Boletín Oficial da Provincia o texto íntegro en cumprimento do preceptuado no artigo 70.2 da Lei reguladora de Bases de Réxime Local, entrando en vigor unha vez transcurrido o prazo de quince días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA PROTECCIÓN E TENENCIA DE ANIMAIS

Para a elaboración desta ordenanza tívose en conta a Lei do Parlamento de Galiza 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro (DOG nº 75, do 24-2-93), e o Decreto da Consellería de Medio Ambiente, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993 (DOG nº 107, do 5-6-98), e o Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, que regula a tenza de animais potencialmente perigosos (DOG nº 63, do 2 de abril, de 2002) que lles atribúen aos alcaldes ou alcaldesas a responsabilidade superior na defensa dos animais (Lei 1/1993, art.16).

TÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS**ARTIGO 1. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.**

1. O ámbito de aplicación da presente Ordenanza circunscríbese ao termo municipal de Marín e ten por obxecto establecer a normativa que regula a Protección, Tenencia e Venda dos animais, así como o seu control administrativo, tendo ademais en consideración os dedicados a calquera actividade deportiva, recreativa ou lúdica, que habiten ou transiten dentro do termo municipal de Marín. É tamén obxecto desta Ordenanza regular a interrelación entre as persoas e os animais e establecer un réxime de infraccións e sancións.

2. As finalidades desta Ordenanza son alcanzar o máximo nivel de protección e benestar dos animais, garantir unha tenencia responsable e a máxima redución das perdas e os abandonos dos animais, fomentar a participación cidadá na defensa e protección dos animais e preservar a saúde, a tranquilidade e a seguridade das persoas.

ARTIGO 2. DEFINICIÓNS.

1. Para os efectos deste regulamento enténdese por:

- Animais domésticos: aqueles animais de compañía pertencentes a especies que críe ou posúa tradicional e habitualmente o ser humano, co fin de vivir en domesticidade no fogar, así como os de acompañamento, condución e axuda de persoas cegas ou con deficiencia visual grave.
- Animais de compañía: os animais que teña no seu poder o ser humano, sempre que a súa tenencia non teña como destino o seu consumo ou o aproveitamento das súas producións, ou non leve a cabo, en xeral, con fins comerciais ou lucrativos.
- Can-guía: aquel can que cumpra coas características do número 1 deste mesmo artigo e do que se acredite adestramento a tal fin en centros nacionais ou estranxeiros recoñecidos.
- Animal salvaxe: aquel que vive e reproducése de forma natural en estado silvestre no territorio nacional, con independencia do seu carácter autóctono ou alóctono, e da posibilidade do seu aproveitamento cinexético.
- Animal exótico: aquel que vive e reproducése de forma natural en estado silvestre fóra do territorio nacional, con independencia do seu carácter autóctono ou alóctono, e da posibilidade do seu aproveitamento cinexético.
- Animal vagabundo ou abandonado: o que circula libremente, aínda que estea provisto de identificación oficial, se no prazo de vinte días a partir da súa captura non é reclamado por alguén que acredite a súa propiedade.
- Animais potencialmente perigosos: son aqueles que pertencendo á fauna autóctona ou alóctona da Comunidade Autónoma de Galicia, independentemente da súa condición, natureza, especie ou raza á que pertencen, e convivindo no contorno humano como animais domésticos ou de compañía, sexan susceptibles de ocasionarlles a morte ou lesións ás persoas ou a outros animais, ou de producir danos de certa entidade ás cousas.

2.—A posesión de animais que se crían para o aproveitamento das súas producións regúlase pola súa normativa específica.

TÍTULO II

DA POSESIÓN DE ANIMAIS DOMÉSTICOS E SALVAXES EN CATIVIDADE

CAPÍTULO I

Normas xerais

ARTIGO 3. POSESIÓN DE ANIMAIS DOMÉSTICOS EN VIVENDAS.

1.—A posesión de animais domésticos en xeral, e particularmente en edificacións destinadas á vivenda humana, está suxeita ao cumprimento dunhas condicións hixiénicas axeitadas no seu aloxamento, á ausencia de riscos sanitarios e a que non se lles ocasione perigo aos veciños ou se lles produzan molestias.

2.—En calquera caso, das 22:00h. ás 8:00h. está prohibido deixar en patios, terrazas, balcóns ou espazos abertos de vivendas comunitarias os animais que cos seus sons, laios ou ruídos perturben o descanso dos veciños.

3.—Corresponderá á Concellaría competente en materia de Sanidade a xestión das accións pertinentes e, no seu caso, a iniciación do oportuno expediente para o desaloxo dos animais no suposto de incumprimento do preceptuado neste artigo.

Artigo 4. Censo municipal de animais de compañía.

1.—Os animais de compañía, particularmente os cans, inscribíense nun censo municipal no que constarán os seguintes datos:

- a) A especie, a raza, a idade, se é o caso, o nome do animal e domicilio habitual do animal,
- b) O nome, os apelidos, documento nacional de identidade, teléfono e domicilio de seu dono.
- c) A data de expedición e o número de pasaporte do animal con número de microchip.

2.—No censo tamén inscribirán as baixas por morte, perda ou traslado do animal fóra do municipio, os cambios de domicilio e as transferencias de titularidade ou de posesión que se produzan.

3.—No momento da súa inscrición no censo asignaráselle un medio de identificación (chapa, tatuaxe ou dispositivo colectivo) onde figurará como mínimo o seu nome, residencia do seu dono e número de rexistro censual. O rexistro farase dentro do prazo de tres meses desde a data de nacemento, ou de trinta días no caso da súa adquisición, cambio de residencia do animal ou traslado temporal por un período superior a tres meses.

4.—O titular do animal será sempre unha persoa coa maioría de idade cumprida.

5.—Co fin de poder realizar o Censo Municipal de Animais de Compañía, a través do cal poderase determinar o estado de abandono, perda ou subtracción dos animais do termo municipal, estes deberán necesariamente portar a súa identificación censual de forma permanente.

6.—Respecto das modificacións dos datos contidos no Censo Municipal en relación cos animais de compañía, terase en conta o seguinte:

- a) A morte dos animais será comunicada polos seus propietarios e/ou posuidores á Concellaría de Medio Ambiente no prazo máximo dun mes a contar desde a data en que se producise, acompañando para ese efecto o pasaporte do animal e declaración xurada, a fin de tramitar a súa baixa no Censo Mnicipal.
- b) A desaparición ou roubo dos animais serán comunicadas á Policía Local do Ilmo. Concello de Marín, no prazo máximo de dez días, a contar desde a data en que se producise, acompañando para ese efecto o pasaporte e número de microchip e copia da denuncia se procedese.
- c) Os cambios de domicilio ou de propietario, notificaranse, por parte de quen adquire ou quen cede gratuitamente algún animal de compañía, ás oficinas do Censo de Animais de Compañía do Ilmo. Concello de Marín no prazo máximo dun mes, a contar a partir da data do cambio.

ARTIGO 5. DA POSESIÓN DE ANIMAIS SALVAXES EN CATIVIDADE.

1.—Está prohibida a posesión de animais salvaxes que poidan ser perigosos para a integridade das persoas fóra dos locais autorizados polo órgano competente da Xunta de Galicia.

2.—Está prohibida a permanencia ou circulación dos citados animais por lugares abertos ao público sen as medidas protectoras que se dispoñan de acordo coas características da especie.

ARTIGO 6. DA POSESIÓN DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.

1.—Considéranse cans potencialmente perigosos os pertencentes ás seguintes razas:

- a) Pit Bull Terrier.
- b) Staffordshire Bull Terrier.
- c) American Staffordshire Terrier.
- d) Rottweiler.
- e) Dogo Arxentino.
- f) Fila Brasileiro.
- g) Tosa Inu.
- h) Akita Inu.

- i) Bullmastif.
- l) Doberman.
- m) Dogo de Burdeos.
- n) Dogo do Tibet.
- o) Mastín Napolitano.
- p) Presa Canario.
- q) Presa Mallorquín.

Tamén serán considerados neste parágrafo os cruzamentos en primeira xeración destes, cruzamentos destas razas entre si ou cruzamentos destas con outras razas, das que se obteñen unha tipoloxía similar a algunha das razas anteriormente descritas.

Cans que tivesen algún episodio de agresións a persoas ou ataques de certa entidade a outros animais ou ás cousas.

Cans que fosen adestrados para a garda e defensa.

Cans que manifesten unha marcada agresividade natural ou inducida mediante adestramento. A dita agresividade será considerada pola autoridade competente de oficio ou logo de notificación ou denuncia e tras un informe dun adestrador ou veterinario designado para o efecto.

2.—Licencia municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos.

A tenza de animais potencialmente perigosos requirirá a obtención previa dunha licencia administrativa outorgada polo Concello, nos termos previstos no artigo 3 da Lei 50/1999, do 23 de decembro.

3.—Requisitos para a obtención da licencia.

A tenza de calquera animal como potencialmente perigoso ao amparo desta ordenanza requirirá a previa obtención dunha licencia municipal que será outorgada polo Concello de Marín unha vez verificados os seguintes requisitos:

A. Ser maior de idade e non estar incapacitado para proporcionarlle os coidados necesarios ao animal.

B. Non ter sido condenado por delito de homicidio, lesións, torturas, contra a liberdade ou contra a integridade moral, a liberdade sexual e a saúde pública, de asociación con banda armada ou de narcotráfico, así como ausencia de sancións por infracción en materia de tenza de animais potencialmente perigosos.

C. Certificado de aptitude psicolóxica e física:

1. Non poderán ser titulares de animais potencialmente perigosos as persoas que carezan das condicións físicas precisas para proporcionarlles os coidados necesarios ao animal e garantir o seu adecuado manexo, mantemento e dominio, conforme ao disposto no artigo 3.1.a) da Lei 50/1999.

2. A capacidade física á que se refire o parágrafo anterior acreditarase mediante o certificado de capacidade física para a tenza de animais potencialmente perigosos, que se expedirá unha vez superadas as probas necesarias para comprobar que non existe enfermidade ou deficiencia ningunha, de carácter orgánico ou funcional, que poida supoñer a incapacidade física asociada con:

- a) A capacidade visual.
- b) A capacidade auditiva.
- c) O sistema locomotor.
- d) O sistema neurolóxico.
- e) Dificultades perceptivo-motoras de toma de decisións.
- f) Calquera outra afección, trastorno ou problema, non comprendidos nos parágrafos anteriores, que poidan supoñer unha incapacidade física para garantir o adecuado dominio do animal.

O certificado de aptitude psicolóxica, ao que se refire o parágrafo c) do artigo 3.1 da Lei 50/1999, para a tenza de animais potencialmente perigosos, expedirase unha vez superadas as probas necesarias para comprobar que non existe enfermidade ou deficiencia ningunha que poida supor a incapacidade psíquica ou psicolóxica, ou calquera outra limitativa do discernimento, asociada con:

A. Trastornos mentais e de conduta.

B. Dificultades psíquicas de avaliación, percepción e toma de decisións ou problemas de personalidade.

C. Calquera outra afección, trastorno ou problema, non comprendidos nos parágrafos anteriores que limiten o pleno exercicio das facultades mentais precisas para a tenza de animais potencialmente perigosos.

D. Acreditación de ter formalizado un seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros que poidan ser causados polos seus animais, aínda que este fosen cedidos a outras persoas para o seu coidado, por unha contía mínima de cento vintecinco mil euros (125.000 euros) que se renovarán anualmente.

4.—Obtención da licenza para a tenza de animais considerados potencialmente perigosos en catividade.

A obtención da licenza para a tenza de animais en catividade, considerados como potencialmente perigosos, requirirá, ademais dos requisitos especificados no artigo 3 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, a presentación dunha memoria descritiva das instalacións e das medidas de seguridade utilizadas para impedir a fuxida dos animais. A dita memoria deberá estar subscrita por veterinarios, biólogos ou outros facultativos superiores aos que nos seus plans de estudos quede acreditado o coñecemento ou estudo de etoloxía animal.

5.—Renovación da licenza municipal.

Esta licenza deberá ser renovada cada cinco anos, coa finalidade de comprobar que o interesado segue a cumprir os requisitos que se lle esixiron para a súa obtención. Sen embargo, a licenza perderá a súa vixencia no momento no que o seu titular deixe de reunir calquera dos requisitos esixidos no punto 3 deste artigo.

6.—Denegación ou revogación de nova licenza.

A intervención, medida preventiva ou suspensión que afecte á licenza administrativa en vigor, acordada en vía xudicial ou administrativa, serán causa para denegar a expedición doutra nova ou a súa renovación ata que aquelas se levantasen.

ARTIGO 7.— REXISTRO MUNICIPAL DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.

1. Os titulares da licenza municipal deberán inscribirse no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos, que se establece con esta finalidade en todos os concellos, no prazo de 15 días contados a partir da obtención da licenza.

2. Este rexistro contará, polo menos, cos seguintes datos:

- a) Datos persoais do posuidor: nome, enderezo habitual, documento nacional de identidade e teléfono de contacto.
- b) Características do animal que fagan posible a súa identificación: idade, especie, raza, características externas e número de microchip.
- c) Lugar habitual de residencia do animal.
- d) Función/ aptitude do animal (compañía, garda, defensa, caza).

3. Calquera incidentes producidos por animais potencialmente perigosos ao longo da súa vida, coñecidos polas autoridades administrativas ou xudiciais, faranse constar na folla de rexistro de cada animal, que se pechará coa súa morte ou sacrificio certificado polo veterinario ou autoridade competente. Igualmente, o dono do animal deberá comunicarlle ao rexistro a perda deste.

4. Nas follas de rexistro de cada animal farase constar igualmente o certificado de sanidade animal expedido pola autoridade competente, que acredite, con periodicidade anual, a situación sanitaria do animal a a existencia de enfermidades ou trastornos que o fagan especialmente perigoso.

5. O Concello de Marín remitiralle os datos do rexistro municipal ao Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos, no prazo máximo de 15 días, contados dende o momento da inscrición dun animal potencialmente perigoso.

6. Os propietarios dos animais serán os responsables de identificar os animais e de sufragar os gastos que isto ocasione, independentemente do lugar de residencia das ditas persoas. A identificación definitiva suporá un requisito previo e obrigatorio para realizar calquera transacción do animal.

7. As operacións de compra-venta, traspaso, doazón ou calquera outra que supoña cambio de titularidade do animal requirirá o cumprimento de, polo menos, os seguintes requisitos:

- a) Existencia de licencia vixente por parte do vendedor.
- b) Obtención previa da licencia por parte do comprador.
- c) Acreditación previa da pasaporte animal actualizada.
- d) Inscrición da transmisión do animal no Rexistro Municipal no prazo de 15 días dende a obtención da licencia municipal.

CAPÍTULO II

Normas Sanitarias e de Prevención Antirrábica

ARTIGO 8.—Todos os animais de compañía deberán proveerse, no prazo máximo de tres (3) meses contados a partir da data de nacemento ou dun (1) mes logo da súa adquisición, do correspondente pasaporte.

No devandito pasaporte, ademais dos datos de identificación censal do animal, deberán constar as vacinacións obrigatorias ás que sexa sometido, outros tratamentos obrigatorios e data dos controis periódicos efectuados. Todo iso en cumprimento da lexislación vixente.

Cada un dos pasaportes dispensados deberán estar provistos da sinatura e número do Colexiado Veterinario que leve a cabo o control sanitario do animal.

Os propietarios ou posuidores de animais de compañía responsabilizaranse do cumprimento do calendario de vacinacións obrigatorias, así como de desparasitar ao animal periodicamente e de sometelo a observación veterinaria cando manifeste signos de enfermidade ou sufrimento.

Recoméndase que todos os cans sexan vacinados contra a rabia ao cumprir os tres meses de idade.

A vacinación antirrábica dos gatos terá carácter voluntario a condición de que as condicións epizoóticas non requiran a súa obrigatorialidade. Esta medida será determinada polos órganos do Goberno de Galiza con competencia nesta materia.

As persoas que ocultasen animais enfermos con rabia, ou os puxesen en liberdade, independentemente das sancións que lles puidesen ser impostas por este Concello, serán denunciados ante a autoridade competente.

CAPÍTULO III

OBRIGAS DOS DONOS E POSUIDORES DE ANIMAIS

ARTIGO 9.—**OBRIGAS DOS POSUIDORES DE ANIMAIS DOMÉSTICOS E SALVAXES EN CATIVIDADE.**

Os donos e posuidores de animais domésticos e salvaxes en catividade están obrigados a:

1. Censar o animal no prazo máximo de 3 meses dende a data de nacemento ou de trinta días no caso da súa adquisición, cambio de residencia do animal ou traslado temporal por tempo superior a tres meses.

2. Comunicarlle ao Concello as baixas por morte, perda ou traslado do animal fóra do municipio no prazo máximo de 15 días.
3. Comunicarlle ao Concello o cambio de domicilio ou lugar de residencia do animal regulada na normativa vixente
4. Vacinar os animais contra aquelas doenzas obxecto de prevención a partir da idade regulada na normativa vixente.
5. Realizar controis sanitarios periódicos aos animais.
6. Identificar os animais por medio dos sistemas aprobados regulamentariamente.
7. Tratar e alimentaren o animal correctamente.
8. Manteren o animal en boas condicións hixiénico – sanitarias, de acordo coas características da especie e o sinalado no art.25 do Decreto 153/1998, do 2 de abril.
9. Adoptaren as medidas necesarias para asegurar que o animal non lles cause molestias ás persoas nin poña en perigo as persoas ou os seus bens.
10. Impedir que o animal lixe as vías ou espazos públicos ou de tránsito ou lecer, recollendo os excrementos que o animal poida deixar nas vías ou outros espazos públicos.
11. Impedir que o animal dane o equipamento urbano.
12. Comunicar ao Concello, no prazo máis curto posible, calquera doenza infecto-contaxiosa que sufran o animal.
13. Responder dos danos e perdas que ocasione o animal de conformidade coa lexislación aplicable.
14. Facilitarlle un aloxamento que deberá proporcionarlle un ambiente adecuado, cómodo e hixiénico.
15. Non maltratalo nin sometelo a práctica algunha que poida producirlle sufrimento ou danos inxustificados.
16. Non subministrarlle substancias que poidan causarlle sufrimento ou danos innecesarios, nin aquelas que se utilicen para modificar o comportamento do animal coa finalidade de aumentar o seu rendimento, salvo que se efectúe por prescrición facultativa.
17. Non abandonalo.
18. Os posuidores de animais que se atopen en fincas ou recintos deberán dispoñer os medios adecuados para evitar que poidan ocasionar danos ou molestias ós viandantes. Así mesmo procurarán que a circulación e transporte dos seus animais polas vías públicas se leve a cabo coas adecuadas medidas de protección.
19. Pór a disposición da autoridade competente, no momento en que lle sexa requirida, a documentación referida ao animal e que resulte obrigatoria en cada caso. De non presentala no momento do requirimento, disporá dun prazo de 3 días para achegala nas dependencias municipais correspondentes; transcorrido devandito prazo, considerarase que o animal carece de documentación para todos os efectos.
20. Os particulares que realicen periodicamente venda de crías de animais considéranse como titulares de centros de cría estando obrigados a súa inscrición no Rexistro de Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galiza.

ARTIGO 10.—PROHIBICIÓNS.

1. Maltratar ou agredir fisicamente os animais ou sometelos a calquera outra práctica que lles supoña sufrimentos ou danos inxustificados.
2. Abandonalos.
3. O uso de toda sorte de mecanismos que, destinados a limitar ou impedir a mobilidade dos animais, lles produzan a estes danos ou sufrimentos innecesarios, en especial os que lles impidan manter a cabeza na posición natural.

4. Desatender a súa alimentación ou reducila a un nivel de simple subsistencia que poida implicar riscos para a saúde do animal ou que resulte inadecuada para as súas características fisiolóxicas.

5. Mantelos en condicións inadecuadas desde o punto de vista hixiénico-sanitario ou desatende-la práctica do coidado e atención necesarios de acordo coas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas segundo raza e especie.

6. Obrigarlos a traballar ou a producir en caso de enfermidade, desnutrición así como cando exista o risco dunha sobre-explotación que poña en perigo a súa saúde.

7. Subministrarlles substancias non permitidas coa finalidade de aumenta-lo seu rendemento ou produción.

8. Practicarlles mutilacións ós animais, excepto as supervisadas por un facultativo competente en caso de necesidade.

9. Venderllos ou cederllos a laboratorios, clínicas e particulares co obxecto de seren utilizados en experimentación, sen a correspondente autorización.

10. Venderllos ós menores de 16 anos e ós incapacitados, sen a autorización daqueles que teñan a potestade paterna ou custodia.

11. Exerce-la venda ambulante de animais sen a correspondente autorización municipal, ou fóra dos lugares ou mercados indicados para isto.

12. O sacrificio non eutanásico dos animais de compañía.

13. A celebración de certames, concursos, exposicións ou concentracións de animais sen a autorización previa da consellería competente nesta materia.

14. A posesión, exhibición, compravenda, cesión, circulación, doazón ou calquera outra forma de transmisión de especies protexidas pola normativa vixente, incluídos os convenios internacionais, sen as correspondentes autorizacións expedidas polas autoridades competentes.

15. A tenza de animais perigosos para o home sen dispor de recintos apropiados e a súa circulación en espazos públicos ou en locais abertos ó público sen as debidas garantías de seguridade.

16. A doazón de animais como premio

17. Calquera outra acción ou omisión tipificada como infracción polos artigos 20, 21 e 22 da Lei 1/1993.

Con carácter específico prohibese tamén:

18. A utilización de animais en pelexas, festas, espectáculos e outras actividades que leven consigo maltrato, crueldade ou sufrimento dos animais, coas únicas excepcións recollidas no artigo 5 da Lei 1/1993.

19. A filmación ou realización de escenas para cine, televisión ou calquera outro medio audiovisual, que recolla escenas de crueldade, maltrato ou sufrimento de animais, salvo autorización expresa da consellería competente nesta materia, que verificará que o dano aparente causado ós animais sexa, en todo caso, simulado.

20. Queda prohibida expresamente a utilización ambulante de animais como reclamo publicitario, así como a utilización de calquera tipo de produtos ou substancias farmacolóxicas para modifica-lo comportamento natural dos animais que se utilizan para o traballo fotográfico ou publicitario.

ARTIGO 11.—OBRIGAS DOS DONOS E POSUIDORES DE CANS DE VIXILANCIA.

Os donos e posuidores de cans de vixilancia están obrigados:

1. A adoptaren as medidas precisas para que o animal non saia fóra do recinto obxecto de protección nin poña en perigo as persoas que utilizan as vías ou outros bens de dominio público.

2. A poren un letreiro en lugar visible no que se advirta da presenza dun can de vixilancia.

ARTIGO 12.—OBRIGAS DOS DONOS E POSUIDORES DE CANS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.

Os donos e posuidores de cans potencialmente perigosos están obrigados:

1. A comunicarlle ao Rexistro Galego de Identificación de animais de Compañía e Potencialmente Perigosos a realización da castración ou esterilización do animal, se esta se producise, para o que remitirán copia da certificación veterinaria correspondente que acredite este feito.

2. O traslado dun animal potencialmente perigoso doutra Comunidade Autónoma á Comunidade Autónoma de Galicia, sexa con carácter permanente ou por período superior a tres meses, obrigará ao seu propietario a efectuar a inscrición oportuna no citado rexistro.

3. A comunicar, conforme ao modelo do anexo IV do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, calquera variación dos datos do rexistro, nun prazo de 15 días dende que se producise a modificación que proceda rexistrar, excepto nos incidentes de agresión, nos que a comunicación será inmediata.

4. A identificar aos animais cun microchip nos seus primeiros tres meses de vida ou nun mes despois da súa adquisición.

5. A identificación dos animais da especie canina, coa debida garantía, é obrigatoria sen excepcións.

6. A achegarlle a documentación acreditativa da obtención da licencia e a información prevista no parágrafo 6 do artigo 5 do citado Decreto 90/2002 ao veterinario actuante para a súa inscrición neste rexistro.

7. Nos casos de transmisión da titularidade, o transmisor dos animais deberá subministrarlle, se é o caso, ao comprador ou receptor destes a certificación veterinaria de que os animais foron esterilizados.

8. A subtracción ou perda do animal deberá ser comunicada polo seu titular ao responsable do Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos no prazo de 48 horas dende que teña coñecemento dos feitos.

ARTIGO 13.—SISTEMAS DE IDENTIFICACIÓN.

1. A identificación consistirá na implantación dun microchip ou transponder portador dun código alfanumérico de número de díxitos de tal maneira que sexa único para cada animal.

2. A marcaxe dos animais realizarase obrigatoriamente por un transponder que se adapte ao establecido no punto tres deste artigo.

3. Os transponders deberán reunir as seguintes características:

- a) Deberán estar programados cun código alfanumérico único, que en ningún caso poida ser susceptible de ser modificado.
- b) A estrutura do código alfanumérico que incorporen deberá cumprir co establecido na norma ISO 11.784.
- c) O sistema de intercambio de enerxía entre o dispositivo e o lector deberá cumprir co establecido na norma ISO 11.785.
- d) O tamaño será inferior a 12 milímetros de longo por 2,5 milímetros de ancho.
- e) Estarán dotados dun sistema ante-migratorio e o seu recubrimento deberá ser bio-compatíbel.
- f) Presentarase individual e convenientemente esterilizados en envase que conteña a agulla e o inxector, e incluírá un mínimo de tres etiquetas co código de barras que conteña o código alfanumérico.

ARTIGO 14.—PROCEDIMENTO DE IDENTIFICACIÓN.

1. A implantación no animal do código establecido será efectuada por un veterinario, nomeado para o efecto pola Consellería de Medio Ambiente. Os veterinarios non oficiais que desexen participar no proceso de identificación de animais de compañía da Comunidade Autónoma Galega deberán solicitarllo, conforme ao modelo do anexo V, á Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

2. No momento da identificación do animal, o veterinario actuante cubrirá un impreso oficial de identificación, por triplicado exemplar. O propietario do animal identificado deberá recibir do veterinario actuante un exemplar do impreso oficial; o veterinario conservará no seu poder outro exemplar do impreso; e un terceiro exemplar deberá ser remitido polo veterinario ao Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos, nun prazo de 15 días despois de efectuar a identificación.

3. O animal deberá ser identificado en presenza do seu propietario, figurando os datos e a súa sinatura no impreso oficial de identificación.

ARTIGO 15.—OBRIGAS DOS POSUIDORES EN MATERIA HIXIÉNICO-SANITARIA.

1. Os propietarios, criadores ou posuidores deberán manter os animais que estean baixo a súa custodia en axeitadas condicións hixiénico-sanitarias e cos coidados e atencións necesarios de acordo coas necesidades fisiolóxicas e características propias da especie ou raza do animal, en cumprimento de lexislación vixente nesta materia.

2. O propietario, posuidor ou criador dun animal que agrida a persoas ou a outros animais causándolles feridas de mordedura, será responsable de que o animal sexa sometido a recoñecemento dun veterinario en exercicio libres de profesión, en dúas ocasións dentro dos 15 días seguintes á agresión. Neste recoñecemento, o veterinario responsable emitirá un certificado no que conste se o animal presenta ou non síntomas de enfermidade infecto-contaxiosa.

ARTIGO 16.—HABITÁCULOS DOS ANIMAIS DE COMPAÑÍA.

As caneiras, cortes e demais aloxamentos para acoller aos animais deberán:

- a) Os habitáculos dos animais que vivan no exterior deberán estar construídos con materiais que illen tanto da calor como do frío, protexéndolles da choiva, o sol e demais inclemencias do tempo.
- b) Dispor dunhas adecuadas condicións de ventilación e iluminación.
- c) Reunir as condicións hixiénicas establecidas para o tipo de instalacións de que se trate.
- d) Ter unhas dimensións apropiadas que permitan a estancia cómoda do animal.
- e) Dispor de peches ou outros mecanismos que, sen producirlle danos ou molestias físicas, eviten as fugas.
- f) Dispor dun espazo adecuado para o exercicio do animal.

ARTIGO 17.—OBRIGAS DOS POSUIDORES EN MATERIA DE SEGURIDADE CIDADÁ.

1. Os propietarios, posuidores ou criadores de animais potencialmente perigosos terán a obriga de cumprir todas as normas de seguridade cidadá, establecidas na lexislación vixente e na lexislación sobre protección animal de Galicia, de xeito que garantan a óptima convivencia destes animais cos seres humanos e se eviten molestias á poboación.

2. As instalacións destinadas a albergar animais potencialmente perigosos pertencentes á fauna silvestre alóctona ou exótica precisarán cumprir as medidas de seguridade que eviten a fuxida destes animais. Todas as instalacións destinadas a albergar animais potencialmente perigosos deberán reunir como mínimo as seguintes medidas de seguridade:

- a) As paredes e valados serán suficientemente altos e consistentes e deberán estar fixados co fin de soportar o peso e a presión do animal para evitar as fuxidas.
- b) As portas das instalacións deben ser resistentes, e estar deseñadas para evitar que os animais poidan abrir os mecanismos de seguridade, sen producirlles danos.
- c) O recinto estará sinalizado coa advertencia de que se atopa no interior un animal potencialmente perigoso.

3. As instalacións nas que se alberguen animais potencialmente perigosos deberán reunir as condicións establecidas na normativa sobre protección animal en Galicia, tendo en conta as especificacións técnicas correspondentes a cada especie.

ARTIGO 18.—DAS PERSOAS QUE SUFRISEN AGRESIÓNS.

As persoas que sufrisen agresións dun animal daranlle conta diso ás autoridades sanitarias. Os propietarios ou posuidores de animais agresores están obrigados a facilitárenlle os datos correspondentes do animal agresor tanto á persoa agredida, como aos seus representantes legais e as autoridades competentes que os soliciten. Así mesmo, calquera persoa que advirta un risco posible para a saúde poderá dar conta diso ás autoridades sanitarias e, en todo caso, é obriga dos sanitarios ou dos centros que atenden aos agredidos efectuar a correspondente denuncia.

ARTIGO 19. DAS MEDIDAS PREVENTIVAS.

O Concello, unha vez aberto o correspondente expediente sancionador, poderá confiscar e ordenar o illamento dos animais domésticos e salvaxes en catividade cando haxa evidencia de malos tratos, desnutrición ou comportamento agresivo e perigoso para as persoas, así como cando perturben de forma reiterada a tranquilidade e descanso dos veciños.

*CAPITULO IV
CIRCULACIÓN DE ANIMAIS POLAS VÍAS E ESPAZOS PÚBLICOS*

ARTIGO 20.—CIRCULACIÓN DOS CANS.

- 1) Os cans levarán sempre collar e a identificación asignada no momento do seu rexistro censual.
- 2) Ademais, nos espazos públicos ou nos privados de uso común, os cans e demais animais de compañía haberán de estar acompañados e ser conducidos mediante cadea ou cordón resistente que permita o seu control.
- 3) Están dispensados do requisito sinalado no apartado anterior os cans que se atopen nas seguintes circunstancias:
 - a) Os que se utilicen en tarefas agrícolas, gandeiras ou de caza mentres desenvolvan esas actividades fóra de núcleos urbanos.
 - b) Os que, na campaña dunha persoa responsable, circulen fóra dos núcleos urbanos por terreos agrícolas, forestais ou costeiros, sempre que non se dea a presenza de terceiras persoas.

ARTIGO 21.—USO DO BOZO.

- 1) Os cans levarán un bozo para garantir a tranquilidade e a integridade das persoas, sempre que as características do animal ou as circunstancias sanitarias ou de calquera outra orde o esixan.
- 2) En todo caso, os cans potencialmente perigosos terán que circular, nas vías públicas e nos lugares e espazos de uso público en xeral, atados con cadea ou correa cunha extensión que teña unha lonxitude non superior a dous metros, provistos do correspondente bozo homologado e axeitado para a súa raza, e en ningún caso poderán ser conducidos por un menor de dezaseis anos.
- 3) O uso do bozo, tanto con carácter individual como xeral, poderá ser ordenado pola Autoridade Municipal, previo informe dos servizo inspectores correspondentes, cando as circunstancias sanitarias ou doutra índole así o aconsellen e mentres estas duren.

ARTIGO 22.—PRESENCIA DE ANIMAIS DOMÉSTICOS NAS PRAIAS E TERREOS ACCESORIOS.

1. Prohíbese a permanencia de calquera tipo de animais nas praias dende o quince de xuño ata o quince de setembro, e ademais durante a época do ano que vai dende o un de abril ata o catorce de xuño e do dezaseis de setembro ata o trinta de setembro esténdese esta prohibición de doce da mañá ata as vinte e unha horas.

2. Permítese a presenza de cans destinados a traballos de salvamento ou auxilio a persoas necesitadas cando as circunstancias así o aconsellen. Queda autorizado expresamente a presenza de cans lazarillos.

ARTIGO 23.—LIMITACIÓNS NAS VÍAS PÚBLICAS.

1) Os posuidores dos animais deberán coidar de que non lixen as vías e espazos públicos coas súas deposicións. No caso de se produciren estas, están obrigados a limpar os excrementos de xeito inmediato e de forma axeitada desde o punto de vista hixiénico.

2) Está prohibido:

- a) A estancia de animais naqueles parques públicos en que se prohiba expresamente polo Concello de Marín mediante carteis indicativos da devandita prohibición nos seus accesos.
- b) O acceso e estancia de animais nos parques infantís, áreas de xogo infantil ou xardíns de uso por parte dos nenos e a súa contorna co fin de evitar as deposicións e miccións dentro dos seus espazos.
- c) O adestramento na vía pública de cans para as actividades de ataque, defensa, garda e similares.
- d) O baño de animais en fontes ornamentais, estanques ou similares, así como que estes beban directamente das fontes de auga potable de consumo público.

ARTIGO 24.—DEXECCIÓNS EN ESPAZOS PÚBLICOS E PRIVADOS DE USO COMÚN.

Como medida hixiénica ineludible, os propietarios ou tenedores de cans e outros animais que conduzan, deberán adoptar as medidas necesarias para impedir que estes realicen as súas deposicións ou excrementos en vías públicas, parques e xardíns, exceptuando nas zonas que, no seu caso, poidan ser acoutadas polo Concello para ese efecto. En caso de producirse, estarán obrigados a recollelas e depositalas de xeito hixiénico nos colectores de lixo ou os lugares que a Autoridade Municipal determine para ese efecto.

CAPÍTULO V

PRESENCIA DE ANIMAIS EN ESTABLECEMENTOS PÚBLICOS

ARTIGO 25.—PROHIBICIÓN DE ENTRAREN EN DETERMINADOS ESTABLECEMENTOS PÚBLICOS.

1. Os propietarios de establecementos públicos, poderán prohibir, ao seu criterio, a entrada e permanencia de animais nos mesmos, debendo anunciarse, tanto esta circunstancia como a súa admisión, en lugar visible á entrada do establecemento. Aínda permitíndose a entrada e permanencia, será preciso que os animais estean suxeitos con cadea ou correa e estean

provistos de boceira. Quedan exceptuados de tal prohibición os cans-guía. Todo iso sen prexuízo do establecido na lexislación regulamentaria técnico-sanitaria específica.

2. Queda expresamente prohibida a entrada e permanencia de cans en establecementos destinados á fabricación, almacenaxe, transporte ou manipulación de alimentos.

CAPÍTULO VI

RECOLLIDA DE ANIMAIS

ARTIGO 26.—ANIMAIS VAGABUNDOS, ABANDONADOS E PERDIDOS.

1. Os animais presuntamente abandonados e os que, sen selo, circulen sen a identificación establecida legalmente serán recollidos polos servizos municipais ou entidades colaboradoras e serán mantidos en observación durante un período de 20 días naturais; o mesmo tratamento darase aos animais de compañía perdidos. A recollida será comunicada aos seus propietarios e estarán en observación durante 10 días naturais desde a comunicación. Unha vez transcorrido este prazo, se a persoa propietaria non recolleu o animal, comunicaráselle un novo aviso e quedará en observación durante 10 días naturais

adicionais. No caso de que o animal sexa recuperado polo propietario, o animal se entregará coa identificación correspondente previo o pago de todos os gastos originados.

2. Unha vez transcorran os prazos anteriores, se os animais de compañía non foron retirados polo seu propietario, procederase a promover a súa cesión, a dalos en adopción ou calquera outra alternativa adecuada. Estará prohibido o sacrificio salvo aqueles casos que sexa dictaminado baixo criterio veterinario atendendo a condutas marcadamente agresivas cara ás persoas ou outros animais, ou estados patolóxicos que implique sufrimento para o animal ou que supoñan un risco de transmisión de enfermidades contagiosas graves. En calquera momento, a custodia dos animais de compañía poderá ser delegada provisionalmente a outras persoas físicas ou xurídicas, que se comprometan a atendelos convenientemente e de conformidade coa normativa vixente.

3. Cando as circunstancias sanitarias ou de perigo do animal o aconsellen, a xuízo do facultativo competente, non haberá de estarse aos prazos sinalados no número 1 deste artigo.

ARTIGO 27.—XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE ANIMAIS.

1. Os animais que anden enfermos ou estean feridos ou mortos nas vías e espazos públicos serán recollidos polos servizos municipais. Calquera cidadán que advirta a presenza dun animal nesas circunstancias deberá avisar ao Concello para que o retire o máis axiña posible.

2. O Concello poderá xestionar o servizo en calquera das formas que prevé a Lei reguladora de réxime local. Tamén poderá convir con sociedades protectoras legalmente constituídas, os servizos de recollida de animais ou de aloxamento, se garante capacidade suficiente, as debidas condicións hixiénico-sanitarias, dirección técnica por un veterinario e atendidos por persoal capacitado e formado acerca do dereito dos animais a ser ben tratados, respectados e protexidos.

CAPÍTULO VII

ASOCIACIÓNS DE PROTECCIÓN E DEFENSA DOS ANIMAIS DE COMPAÑÍA.

ARTIGO 28. DEFINICIÓN E RELACIÓNS DE COLABORACIÓN.

1. Son Asociacións de Protección e Defensa dos Animais, as asociacións sen fins de lucro, legalmente constituídas, que teñan como finalidade concreta a defensa e protección de os animais. As devanditas asociacións serán consideradas, para todos os efectos, como de utilidade pública.

2. Segundo establece a Lei 1/1993, de 13 de abril, de Protección dos Animais, como o Decreto 153/1998, de 3 de abril que a desenvolve, o Excmo. Concello de Marín, mediante a celebración dos oportunos convenios ou acordos de colaboración, poderá atribuír ás Asociacións de Protección e defensa dos Animais legalmente constituídas, funcións de carácter protector e de defensa dos animais de compañía da súa competencia, tales como:

- a) Recollida dos animais vagabundos ou abandonados.
- b) Albergar a estes animais durante os períodos de tempo sinalados pola Lei ou durante as corentenas que estableza a lexislación sanitaria vixente.
- c) Proceder á doazón a terceiros de acordo co establecido na Lei 1/1993, de 13 de abril.
- d) Inspeccionar os establecementos relacionados cos animais de compañía, domesticados ou salvaxes en cativeiro e, cursar, no seu caso, as correspondentes denuncias ante a autoridade competente para a instrución do correspondente expediente sancionador.
- e) Denunciar e recoller animais domésticos que sexan confiscados polos servizos deste Excmo. Concello por presentar indicios de malos tratos ou tortura, síntomas de agresión física ou desnutrición ou se atopasen en instalacións indebidas.
- f) Denunciar e recoller animais de compañía que sexan confiscados polos servizos deste Concello por manifestar síntomas de comportamento agresivo e perigosos para as persoas ou os que perturben de forma reiterada a tranquilidade e descanso dos veciños.

ARTIGO 29. REXISTRO, REQUISITOS E OBRIGACIÓNS DAS ASOCIACIÓNS.

1. As Asociacións de Protección e Defensa dos Animais, que reúnan os requisitos determinados regulamentariamente, deberán estar inscritas nun rexistro creado para ese efecto pola devandita norma regulamentaria e outorgaráselles o título de Entidades colaboradoras da Administración.

Os devanditos requisitos, ademais dos xa sinalados, son os seguintes:

- a) Ter como unha das súas actividades principais a recollida e albergue de animais vagabundos ou abandonados.
- b) Reunir os requisitos que a normativa específica do réxime xeral de axudas e subvencións da Administración Autonómica de Galiza establece para ser declarada Entidade Colaboradora.
- c) Vir desenvolvendo a actividade de protección e defensa dos animais, durante, polo menos, os dous anos anteriores á inscrición.

2. As Asociacións colaboradoras para a Defensa e Protección dos Animais de Compañía que manteñan acordos de colaboración con este Concello, quedan obrigadas a comunicar ao mesmo calquera cambio dos datos cos que figuren inscritas no Rexistro, ou modificacións substanciais que se produzan nelas, no prazo de tres meses desde a modificación.

*CAPÍTULO VII
DA ESTERILIZACIÓN*

ARTIGO 30. ESTERILIZACIÓN.

1. Conforme ao establecido na Lei 50/1999, do 23 de decembro, a esterilización dos animais potencialmente perigosos, ademais de poderse facer por vontade dos seus propietarios, realizarase obrigatoriamente por mandato xudicial ou resolución administrativa nos supostos de reiteradas agresións ás persoas ou danos a outros animais ou ás cousas.

2. Corresponderalles aos delegados provinciais da Consellería de Medio Ambiente a facultade de acordar a esterilización, no suposto de reiteradas agresións ás persoas ou danos a outros animais ou ás cousas, logo do procedemento contradictorio iniciado de oficio ou por solicitude de persoa interesada, no que será preciso que conste informe médico (no caso de agresións a persoas) ou informe veterinario (no caso de agresións a animais) e a audiencia ao propietario do animal. Ditada resolución, o veterinario designado para o efecto esterilizarao e deberá comunicarllo aos rexistros municipal e autonómico para inscribir o acto cirúrxico na folla de identificación. Os gastos xerados correrán por conta do propietario.

3. A esterilización realizarase aplicándolle anestesia ao animal coa finalidade de garantir que non se lle cause dor ou sufrimento innecesario.

*TÍTULO III
RÉXIME SANCIONADOR*

ARTIGO 31.—CONCEPTO DE INFRACCIÓN.

Constitúen infraccións administrativas as accións ou omisións que comporten un incumprimento das obrigas, prohibicións ou requisitos que establece este regulamento.

ARTIGO 32. PROCEDIMENTO SANCIONADOR.

1. O procedemento sancionador axustarase aos principios da potestade sancionadora regulados na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como no Real Decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora.

2. A instrución dos expedientes sancionadores por infraccións á regulación establecida neste decreto corresponderalle aos órganos que teñan atribuída a competencia conforme ao establecido no artigo 69 do Decreto 153/1998, do 2 de abril.

3. Os órganos competentes para sancionar, de acordo cos artigos 24.2º da Lei 1/1993, do 13 de abril, serán:

- a) Por infraccións leves, o alcalde do Concello de Marín.
- b) Por infraccións graves, o director xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente.
- c) Por infraccións moi graves, o conselleiro de Medio Ambiente.

4. Cando as circunstancias de perigo así o aconsellen, a Administración local ou autonómica poderán proceder á retirada ou custodia dun animal potencialmente perigoso, a cargo do propietario, como medida de carácter provisional durante a tramitación do procedemento sancionador.

ARTIGO 33.—RESPONSABILIDADE.

1. Serán considerados responsables das infraccións aqueles que por acción ou omisión participaran na comisión destas, o propietario ou detentador dos animais.

2. Nos supostos nos que as infraccións puidesen ser constitutivas de delitos ou faltas, o alcalde poderá decretar a incautación de animal ata que a autoridade xudicial decida acerca disto, debendo darse traslado inmediato dos feitos ao órgano xurisdiccional competente.

ARTIGO 34.—CLASIFICACIÓN DAS INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1) As infraccións administrativas deste regulamento clasifícanse en leves, graves e moi graves.

2) As infraccións administrativas serán sancionadas con multa nas seguintes contías:

- a) As leves, de 30 a 300 euros
- b) As graves, de 300,1 a 3.005 euros
- c) As moi graves, de 3.005,1 a 12.621 euros

3) Para a clasificación das infraccións e de determinación da contía da sanción teranse en conta as seguintes circunstancias:

- a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- b) A natureza dos prexuízos causados.
- c) A reincidencia, derivada da comisión no prazo de un ano de máis de unha infracción da mesma natureza.
- d) A capacidade económica do infractor.
- e) A transcendencia social da infracción.

4) A resolución do expediente sancionador poderá impor a sanción non pecuniaria de incautación dos animais obxecto de actividades ilegais ou de abandono.

ARTIGO 35.—DA COMPETENCIA PARA A INICIACIÓN DO EXPEDIENTE.

A competencia para a iniciación e tramitación dos expedientes sancionadores correspóndelle á Alcaldía. Será tamén o alcalde o que imponha as sancións previstas por infraccións leves, remitíndolles os expedientes instruídos por infraccións graves e moi graves ás instancias previstas no parágrafo 3.b) e c) do artigo 32 desta ordenanza.

ARTIGO 36.—INFRACCIÓNS MOI GRAVES:

Constitúen infraccións moi graves:

- a) Maltratar gravemente un animal ata causarlle a morte ou lesións graves.

- b) Organizar ou realizar espectáculos ou actividades que comporten crueldade ou maltrato para os animais ou que lles poidan causar sufrimentos.
- c) Sacrificar ou esterilizar un animal sen control veterinario.
- d) Abandonar un animal potencialmente perigosos de calquera especie, entendéndose por animal abandonado, tanto aquel que vaia preceptivamente identificado, como os que non leven ningunha identificación sobre a súa orixe ou propietario, sempre que non vaian acompañados de persoa ningunha.
- e) Ter cans ou animais potencialmente perigosos sen licencia.
- f) Vender ou tramitar por calquera título un can ou animal potencialmente perigosos a que careza de licencia.
- g) Adestrar animais para activar a súa agresividade ou para finalidades prohibidas.
- h) Adestrar animais potencialmente perigosos por quen careza de certificado de capacitación.
- i) A organización ou celebración de concursos, exercicios, exhibicións ou espectáculos de animais potencialmente perigosos, ou a súa participación neles, a demostrar a agresividade dos animais.
- l) A venda de animais para experimentación sen a debida autorización ou a centros non autorizados.
- m) A venda de animais con enfermidade infecto-contaxiosa coñecida.
- n) A reiteración en faltas graves.

ARTIGO 37.—INFRACCIÓNS GRAVES:

Considéranse infraccións graves:

- a) Non vacinar ou non aplicar o tratamento sanitario obrigatorio dos animais domésticos e dos salvaxes en cativeiro.
- b) Abandonar un animal.
- c) Maltrato aos animais que lles cause dor ou lesión leves.
- d) Subministrarlles aos animais sustancias que modifiquen o seu comportamento, en especial para aumentar a súa agresividade, salvo que se efectúe por prescripción facultativa.
- e) Tenza de animais perigosos sen as debidas medidas de protección.
- f) Deixar solto un animal potencialmente perigoso ou non ter adoptado as medidas necesarias para evitar a súa escapada ou extravío.
- g) Incumprir a obriga de identificar o animal.
- h) Omitir a inscrición no Rexistro.
- i) Permitir que un can potencialmente perigoso permaneza en lugares públicos sen buceira ou non suxeito con cadea.
- l) O transporte de animais potencialmente perigosos con vulneración das disposicións legais vixentes na materia.
- m) A negativa ou resistencia a subministrar datos ou facilitar a información requirida polas autoridades competentes ou aos seus axentes, en orden ao cumprimento das funcións establecidas nesta ordenanza, así como o subministro de información inexacta ou documentación falsa.
- n) Mutilar un animal sen necesidade ou sen o axeitado control veterinario.
- ñ) A venda ambulante, reiterada de animais en xeral, fóra dos establecementos, feiras e mercados legalmente autorizados.
- o) A venda de animais sen estar inscritos no Rexistro Xeral de Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes en Cativeiro de Galiza.
- p) A cría ou comercialización de animais sen cumprir os requisitos correspondentes.
- q) A reiteración de faltas leves.

ARTIGO 38.—INFRACCIÓN S LEVES:

- a) Non inscribir os animais no censo.
- b) Non lle comunicar á policía a agresión dun animal.
- c) Non lle facilitar os datos do animal agresor á policía local.
- d) Non por o animal agresor en observación veterinaria.
- e) Non lle comunicar ao Concello as incidencias que se produzan no animal agresor durante o período de observación.
- f) Non lle facilitar ao Concello o certificado veterinario do período de observación.
- g) Manter os animais en condicións hixiénicas inadecuadas.
- h) Non lle comunicar ao Concello as doenzas transmisibles que padeza un animal.
- i) Permitir, ou non evitar, que o animal orixine unha situación de perigo, riscos ou molestias graves para as persoas.
- l) Permitir a circulación de cans polas vías e lugares de tránsito público sen iren suxeitos por unha correa ou cadea.
- m) Non usar o buzo cando sexa obrigatoria.
- n) A doazón de animais como premio.
- ñ) Non cumprir as condición de seguridade previstas para os cans de vixilancia.
- o) Venderlle ou doarlle un animal a un menor de idade ou incapacitado sen a autorización do seu representante.
- p) Manter os animais en instalacións inadecuadas.
- q) Non facilitarlle á alimentación adecuadas ás súas necesidades.
- r) A utilización de animais en traballos que os inmovilicen causándolles dor.
- s) O sacrificio de animais en lugares públicos.
- t) Calquera outra acción ou omisión que infrinja as disposicións contidas neste regulamento e non estea tipificada como grave ou moi grave.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

A inscrición no censo de animais deberase realizar no prazo de tres meses desde que entre en vigor esta ordenanza.

DISPOSICIÓN S TRANSITORIAS

PRIMEIRA: Todas as instalacións dedicadas ao albergue de animais potencialmente perigosos deberán cumprir coas obrigas e previsións contidas nos artigos 17.1 e 2 e 18 desta ordenanza antes dos tres meses despois da entrada en vigor da presente ordenanza.

SEGUNDA: Os titulares ou posuidores de animais potencialmente perigosos obxecto de regulación por esta ordenanza deberán proceder a súa identificación mediante un microchip antes dos tres meses da entrada en vigor da presente ordenanza.

DISPOSICIÓN S DERRADEIRAS

PRIMEIRA: Esta disposición aplicarase sen prexuízo do establecido na lexislación vixente sobre especies protexidas e protección de datos.

Marín a 21 de agosto de 2013.— A Alcaldesa, Maria Ramallo Vazquez.

2013007618